



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE. XEFATURA TERRITORIAL DE LUGO

Anuncio

Resolución sobre corrección de erros no calendario laboral do ano 2023 para a Provincia de Lugo

O DECRETO 139/2022, do 21 de xullo, polo que se determinan as festas da Comunidade Autónoma de Galicia do calendario laboral para o ano 2023, recolle no artigo 2 o seguinte:

"Conforme o disposto no artigo 37.2 do Estatuto dos traballadores, no artigo 46 do Real decreto 2001/1983, do 28 de xullo, e no artigo 1.11 do Real decreto 2412/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de traballo, tamén serán inhábiles para o traballo, retribuídas e non recuperables, dúas festas locais, propostas polo órgano municipal competente dos respectivos concellos, cuxa publicación no boletín oficial de cada unha das provincias da Comunidade Autónoma será determinada pola persoa titular da xefatura territorial da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade. As ditas festas locais publicaranse, así mesmo, no Diario Oficial de Galicia".

Á vista do que antecede, o día 12 de setembro de 2022 esta Xefatura Territorial da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade ditou resolución.

O día 26 de setembro de 2022 recibíuse comunicación do Concello de Carballo no que advirte dun erro de transcripción nas datas festivas locais, xa que o primeiro festivo local é o día 24 de XULLO de 2023 (e non de agosto).

Corrixir os festivos locais de Carballedo de xeito que queden fixadas as seguintes datas:

.24 de XULLO de 2023 - Festivo local

. 14 de AGOSTO de 2023 - Festivo local

Publicar o anuncio da corrección de erros no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Lugo, 26 de setembro de 2022.- A Xefa Territorial, Pilar Fernández López.

R. 2765

CONCELLOS

ALFOZ

Anuncio

Aprobado definitivamente o expediente de modificación de créditos 4/2022, modalidade suplemento de crédito financiado con cargo ao remanente líquido de tesorería, o que se publica aos efectos do artigo 169.1, por remisión do 177.2, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo:

Estado de gastos

Aplicación		Descrición	Créditos iniciais	Crédito extraordinario	Créditos finais
Progr.	Económica				
160	619	ABASTECIMIENTO DOMICILIOARIO DE AUGA POTABLE. INVERSIONS DE REPOSICION DE INFRAESTRUCTURAS E INSTALACIONS	36.676,47	31.871,94	68.548,41

		TOTAL	36.676,47	31.871,94	68.548,41
--	--	--------------	-----------	-----------	-----------

Esta modificación finánciase con cargo ao remanente líquido de Tesouraría resultante da liquidación do exercicio anterior, nos seguintes termos:

Altas en Conceptos de Ingresos

Aplicación: económica			Descripción	Euros
Cap.	Art.	Conc.		
8	7	0	REMANENTE DE TESORERIA	31.871,94
			TOTAL INGRESOS	31.871,94

Igualmente, se entende definitiva a aprobación da modificación do anexo de investimentos do orzamento municipal do ano 2022, de forma que para o investimento Filtración depósito de Adelan, partida 160.619, o financiamento é 100 % fondos propios.

Contra o presente Acordo, en virtude do disposto no artigo 171 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, os interesados poderán interpor directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 42 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora de devandita Xurisdición.

Sen prexuízo diso, a tenor do establecido no artigo 113.3 da Lei 7/1985, a interposición de devandito recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou Acordo impugnado.

Alfoz, 27 de setembro de 2022.- O alcalde, Jorge Val Díaz.

R. 2766

BARREIROS

Anuncio

Visto que corresponde aos Tenentes de Alcalde, en canto tales, substituír na totalidade das súas funcións e pola orde do seu nomeamento, ao Alcalde, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que imposibilite a este para o exercicio das súas atribucións, así como desempeñar as funcións do Alcalde nos supostos de vacante na Alcaldía ata que tome posesión o novo Alcalde.

Visto que a partir do día 1 de outubro e ata a miña reincorporación trala baixa de maternidade non vou poder desempeñar as miñas funcións como alcaldesa.

Por todo iso, en virtude do disposto nos artigos 23.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de acordó cos artigos 44 e 47 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (ROF),

RESOLVO

PRIMEIRO. Delegar en Antonio Veiga Outeiro, como Primeiro Tenente de alcalde a totalidade das funcións da Alcaldía a partir do día 1 de outubro e ata a miña reincorporación á alcaldía trala baixa de maternidade.

SEGUNDO. A delegación comprende as facultades de dirección e de xestión, así como a de resolver os procedementos administrativos oportunos mediante a adopción de actos administrativos que afecten a terceiros.

TERCEIRO. O órgano delegado debe informar a esta Alcaldía, a posteriori, e, en todo caso, cando se lle requira para iso, da xestión realizada e das disposicións ditadas no período de referencia, e con carácter previo daquelas decisións de transcendencia, tal e como se prevé na o artigo 115 do ROF.

CUARTO. A delegación conferida no presente Decreto requirirá para a súa eficacia a aceptación do órgano delegado, entendéndose esta outorgada tácitamente se non se formula ante esta Alcaldía expresa manifestación de non aceptación da delegación no termo de tres días hábiles contados desde o seguinte a aquel en que lle sexa notificada esta resolución.

QUINTO. Esta delegación publicarase no BOP, e farase pública a través do taboleiro de anuncios do concello, tanto o físico como o da sede electrónica municipal, e darase conta do seu contido ao Pleno da Corporación na primeira sesión que esta celebre.

SEXTO. No non previsto expresamente nesta resolución aplicaranse directamente as previsións da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e do Regulamento de Organización, Funcionamento e

Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, en canto ás regras que para a delegación se establecen en devanditas normas.

Barreiros, 23 de setembro de 2022.- A alcaldesa, Ana Belén Ermida Igrexas.

R. 2767

BECERREÁ

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Dacordo co disposto no art. 169.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locaisó que se remite o art. 177 do mesmo, e no art. 20.3 en relación co art. 38.2 do Real Decreto 500/90, de 20 de abril, faise público para xeral coñecemento, que esta Corporación Municipal en sesión plenaria celebrada o día 28 de xullo de 2022, adoptou o acordo de aprobación definitiva ó non presentárense reclamacións contra o expediente de modificación de crédito 11/2022. Suplemento de crédito financiado con cargo ao remanente líquido de tesourería. Expediente nº 896/2022.

Coas modificacións acordadas, o resumen por Capítulos do Orzamento de Gastos do 2022, queda fixado segundo se detalla.

CAPÍTULOS	CONSIGNACIÓN ANTES DESTE EXPEDIENTE (PARTINDO DE PREVISIÓN INICIAL)	AUMENTO SUPLEMENTO DE CRÉDITO EUROS	TOTAL CONSIGNACIÓN RESULTANTE EUROS
1.-GASTOS DE PERSONAL	875.708,48 €	0,00 €	875.708,48 €
2.-GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS	1.458.184,68 €	27.775,00 €	1.485.959,68 €
4.- TRANSFERENCIAS CORRENTES.	31.006,00 €	5.000 €	36.006,00 €
6.-INVESTIMENTOS REAIS	125.287,60 €	26.000 €	151.287,60 €
7.- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00 €	0,00 €	0,00 €
TOTAIS	2.490.186,76	58.775,00 €	2.548.961,76 €

Becerreá, 27 de setembro de 2022.-O Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 2768

CERVO

Anuncio

Quedando definitivamente aprobado o Orzamento Xeral do Concello para o exercicio 2022, sen que se presentasen reclamacións ao mesmo durante o prazo de exposición ao público e que fora aprobado inicialmente por acordo do pleno en sesión extraordinaria de 25 de agosto de 2022, en cumprimento do disposto no artigo 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, que aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, faise público o resumo por capítulos que o integran:

Estado Gastos	2022	Estado Ingresos.	2022
A) OPERACIÓNS CORRENTES.	6.460.443,61 €	A) OPERACIÓNS CORRENTES.	7.744.648,14 €
I. GASTOS DE PERSOAL	3.498.142,94 €	1. IMPOSTOS DIRECTOS.	2.667.977,29 €
II. GASTOS BENS CORRENTES E SERV.	2.546.800,67 €	2. IMPOSTOS INDIRECTOS.	44.530,73 €

III. XUROS.	18.000,00 €	3. TAXAS E OUTROS INGRESOS	3.150.220,40 €
IV. TRANSFERENZAS CORRENTES.	397.500,00 €	4. TRANSFERENCIAS CORRIENTES	1.876.321,89 €
V. FONDO CONTINXENCIA	0,00 €	5. INGRESOS PATRIMONIAIS	5.597,83 €
B) OPERACIÓNS DE CAPITAL.	1.914.068,16 €	B) OPERACIÓNS DE CAPITAL	629.863,63 €
VI. INVESTIMENTOS REAIS.	1.664.989,44 €	6. ENAXENACIÓN INVERSIONS REAIS	0,00 €
VII. TRANSFERENZAS DE CAPITAL	27.371,93 €	7. TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	629.863,63 €
VIII. ACTIVOS FINANCIEROS	0,00 €	8. ACTIVOS FINANCIEROS	0,00 €
IX. PASIVOS FINANCIEROS	221.706,79 €	9. PASIVOS FINANCIEROS	0,00 €
TOTAL	8.374.511,77 €	TOTAL	8.374.511,77 €

De conformidade co artigo 171 do RD Lexislativo 2/2004, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia durante o prazo de dous meses a partir da publicación deste anuncio, sen prexuízo de que poida interpoñerse calquera outro que se estime conveniente.

Do mesmo xeito, e en cumprimento do artigo 127 do RD Lexislativo 781/1986, faise público o cadro de persoal aprobado co orzamento.

PLANTILLA DE PERSOAL ANO 2022

A) FUNCIONARIOS DE CARREIRA					
DENOMINACIÓN DA PRAZA	Nº PRAZAS	GRUPO	ESCALAS	SUBESCALA	C. DESTINO
SECRETARIA (Vacante)	1	A1	FALHN	Secretaría	28
INTERVENCION (Vacante)	1	A1	FALHN	Intervención-Tesourería	28
TESOURERIA (Vacante)	1	A1	FALHN	Intervención-Tesorería	25
LETRADA-ASESORA	1	A1	Admón. Especial	Técnica	28
TECNICA SUPERIOR ECONOMISTA	1	A1	Admón. Especial	Técnica	25
TECNICO MEDIO RESPONSABLE PROXECTOS, OBRAS E URBANISMO	1	A2	Admón. Especial	Técnica	23
TÉCNICA MEDIA TESOUREIRA	1	A2	Admón. Especial	Técnica	23
TECNICA MEDIA DIPLOMADA EN EMPRESARIAIS	1	A2	Admón. Especial	Técnica	20
TÉCNICO MEDIO RECADADOR	1	A2	Admón. Especial	Técnica	20
TECNICO METALÚRXICO E DE SERVICIOS ESPECIAIS	1	C1	Admón. Especial	Técnica	19
ADMINISTRATIVO	1	C1	Admón. Xeral	Administrativa	20

TECNICA ESPECIALISTA INFORMATICA XESTIÓN	1	C1	Admón. Especial	Técnica	19
TECNICA ESPECIALISTA ADMINISTRATIVA (AREA ECONOMICO-FINANCIERA)	1	C1	Admón. Especial	Técnica	19
TECNICA ADMINISTRATIVA (AREA CULTURAL, DEPORTIVA....)	1	C1	Admón. Especial	Técnica	19
ENCARGADO XERAL DE SERVIZOS MUNICIPAIS	1	C1	Admón. Especial	Serv. Especial.	19
TÉCNICA AUXILIAR EN CULTURA E PROTOCOLO	1	C1	Admón. Especial	Técnica	17
TÉCNICO AUXILIAR AMBIENTAL	1	C1	Admón. Especial	Técnica	17
AUXILIAR ADMINISTRATIVO	1	C2	Admón. Xeral	Aux. Adminstrativo	17
CABO SERVIZO EXTINCIÓN INCENDIOS, SALVAMENTO E PROTECCIÓN CIVIL	1	C2	Admón. Especial	Serv. Especial.	18
CABO POLICIA MUNICIPAL (Vacante)	1	C1	Admón. Especial	Serv. Especial.	17
GARDAS MUNICIPAIS	1	C1	Admón. Especial	Serv. Especial.	15
	21				

B) PERSOAL LABORAL FIXO

DENOMINACIÓN DA PRAZA	Nº PRAZAS	GRUPO	POSTO DE TRABALLO	C. DESTINO
TRABALLADOR/A SOCIAL	2	A2	Traballadora social	20
1 Praza vinculada a proceso extraordinario de estabilización de emprego temporal				
MESTRE/A EDUCACIÓN INFANTIL XORNADA COMPLETA	1	A2	Mestre E.I.	18
Praza vinculada a proceso extraordinario de estabilización de emprego temporal				
MESTRE/A EDUCACIÓN INFANTIL 80% XORNADA	3	A2	Mestre E.I.	18
Prazas vinculadas a proceso extraordinario de estabilización de emprego temporal				
MESTRE/A EDUCACIÓN INFANTIL 60% XORNADA	1	A2	Mestre E.I.	18
Praza vinculada a proceso extraordinario de estabilización de emprego temporal				
TÉCNICO DE XESTIÓN	1	A2	Técnico de xestión	18
Praza vinculada a proceso extraordinario de estabilización de emprego temporal				

AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL	1	A2	Axente emprego e desenv. local	18
Praza vinculada a proceso extraordinario de estabilización de emprego temporal				
TÉCNICO/A DE ORIENTACIÓN E INSERCIÓN LABORAL	1	A2	Orientador/a laboral	16
Praza vinculada a proceso extraordinario de estabilización de emprego temporal				
SECRETARIA DE DIRECCIÓN	1	C1	Posto Dirección	19
ADMINISTRATIVO/A APOIO ARQUIVO	1	C1	Administrativo arquivo	19
Praza vinculada a proceso extraordinario de estabilización de emprego temporal				
ADMINISTRATIVO/A DE PERSOAL	1	C1	Administrativo de persoal	17
Praza vinculada a proceso extraordinario de estabilización de emprego temporal				
TÉCNICO/A INFORMÁTICO	1	C1	T.S. Sistemas Informáticos	17
Praza vinculada a proceso extraordinario de estabilización de emprego temporal				
TÉCNICO/A SUPERIOR EDUCACIÓN INFANTIL 60% XORNADA	2	C1	T.S. Educación Infantil	17
Prazas vinculadas a proceso extraordinario de estabilización de emprego temporal				
ADMINISTRATIVO/A APOIO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL E LINGÜÍSTICA	1	C1	Apoio dinamización lingüística	17
Praza vinculada a proceso extraordinario de estabilización de emprego temporal				
ENCARGADO DE INFORMACIÓN E REXISTRO	1	C2	Encargado de Información e Rexistro	15
ENCARGADO DE MECÁNICA	1	C2	Servicio mecánico	15
Vacante				
ENCARGADO DE OBRAS	1	C2	Servicio obras municipais	15
ENCARGADO ELECTRICISTA	1	C2	Encargado electricista	15
OFICIAL 1ª OFICIOS	1	C2	Traballos e servizos varios	15
SOCORRISTAS E PERSOAL APOIO SERVICIO PISCINA MUNICIPAL	1	C2	Traballos e servizos varios en piscina	15
AXUDANTE ELECTRICISTA	1	AP	Axudante electricista	14

AXUDANTE TALLERES	1	AP	Axudante de talleres	14
OPERARIOS SERVICIOS XERAIS	4	AP	Operario servizos xerais	14
1 Vacante				
CONSERXE EDIFICIOS MUNICIPAIS	1	AP	Conserxe edificios municipais	14
SOCORRISTAS E PERSOAL APOIO SERVICIO PISCINA MUNICIPAL	1	AP	Socorrista-persoal apoio piscina	14
SOCORRISTAS E PERSOAL APOIO SERVICIO PISCINA MUNICIPAL	4	AP	Socorrista-persoal apoio piscina	14
Prazas vinculadas a proceso extraordinario de estabilización de emprego temporal				
OFICIAL 1ª SERVIZO DE OBRAS	1	AP	Oficial 1ª obras	14
Praza vinculada a proceso extraordinario de estabilización de emprego temporal				
OFICIAL 1ª SERVIZO DE LIMPEZA VIARIA	1	AP	Oficial 1ª limpeza viaria	14
Praza vinculada a proceso extraordinario de estabilización de emprego temporal				
AUXILIAR DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO	3	AP	Auxiliar SAF	13
Prazas vinculadas a proceso extraordinario de estabilización de emprego temporal				
PEON GES	11	AP	Peon GES	12
5 Prazas vinculadas a proceso extraordinario de estabilización de emprego temporal				
PEON RECOLLIDA DE LIXO	1	AP	Peon recollida lixo	12
Praza vinculada a proceso extraordinario de estabilización de emprego temporal				
PEON PINTOR	1	AP	Peon pintor	12
Praza vinculada a proceso extraordinario de estabilización de emprego temporal				
CONSERXE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS	1	AP	Conserxe instalacións deportivas	12
Praza vinculada a proceso extraordinario de estabilización de emprego temporal				
CONSERXE COLEXIOS E INSTALACIÓNS MUNICIPAIS	1	AP	Conserxe instalacións municipais	12
Praza vinculada a proceso extraordinario de estabilización de emprego temporal				
PEON ALBANEL	3	AP	Peon albanel	10
Prazas vinculadas a proceso extraordinario de estabilización de emprego temporal				

PEON SANEAMENTO E RECOLLIDA DE LIXO	5	AP	Peon saneamento e recollida lixo	10
Praza vinculada a proceso extraordinario de estabilización de emprego temporal				
AUXILIAR DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO	4	AP	Auxiliar SAF	10
Praza vinculada a proceso extraordinario de estabilización de emprego temporal				
OFICIAL 2º RECOLLIDA LIXO	1	AP	Servizo municipal recollida de lixo	13
	68			

C) PERSOAL LABORAL TEMPORAL

DENOMINACIÓN DA PRAZA	Nº PRAZAS
ASISTENTE SOCIAL	1
ADMINISTRATIVA: SECRETARIA XULGADO DE PAZ E ARQUIVO	1
DIPLOMADO EMPRESA	1
MESTRE ESCOLA INFANTIL	5
T.S. EDUCACIÓN INFANTIL	3
AXENTE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL	1
TÉCNICO MEDIO ORIENTADOR LABORAL	1
ADMINISTRATIVO SERVIZO PERSOAL	1
ADMINISTRATIVO NORMALIZADORA LINGÜÍSTICA	1
ADMINISTRATIVO:T.S. SISTEMAS INFORMÁTICOS	1
AUXILIARES AXUDA A DOMICILIO	21
AUXILIAR POLICIA LOCAL	1
OFICIAL 1ª LIMPEZA VIARIA	1
OFICIAL 1ª SERVICIO DE OBRAS	1
OPERARIO (PEÓN) PINTOR	1
OPERARIO RECOLLIDA LIXO	1
PEONS ALBANEIS	3
CONSERXE COLEXIOS	1
CONSERXE INSTALACIONS DEPORTIVAS	1
SOCORRISTAS	4
APOIO SERVIZO SANEAMENTO E RECOLLIDA DE LIXO	5

PEONS LIMPEZA VIARIA	5
PEÓNS G.E.S.	5
PEON DE SERVIZOS MULTIPLES	4
TECNICO APOIO OFICINA TECNICA E OBRAS	1
ARQUITECTO TECNICO APOIO OFICINA TECNICA E OBRAS	1
TÉCNICO MEDIO DE APOIO INTERVENCIÓN E TESOURERÍA	2
TÉCNICO MEDIO DE APOIO A DEPARTAMENTO DE CULTURA	1
DIRECTOR OBRADOIRO EMPREGO	1
MONITOR OBRADOIRO EMPREGO	3
ADMINISTRATIVO OBRADOIRO EMPREGO	1
ALUMNO TRABALLADOR OBRADOIRO EMPREGO	20
TOTAL	100

D) PERSOAL EVENTUAL

DENOMINACIÓN DA PRAZA	Nº PRAZAS
PERSOAL EVENTUAL EN MATERIA DE INFORMACION E COMUNICACIÓN NO EIDO LOCAL	1
TOTAL	1

Por outra banda e, de conformidade co artigo 103 bis do RD Lexislativo 2/2004 faise pública a masa salarial do persoal laboral que ascende a 1.324.637,21 €.

Cervo, 27 de setembro de 2022. O Alcalde, Alfonso Villares Bermúdez.

R. 2769

GUITIRIZ

Anuncio

Aprobados por Decreto da Alcaldía os padróns do 2º trimestre do ano 2022 correspondentes a auga, lixo, canon e sumidoiros, por medio do presente faise público que durante o prazo dun mes, contados a partir do día seguinte ao da inserción do presente edicto no BOP, quedan de manifesto nas oficinas do Concello de Guitiriz, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobados no caso de que non se produzan reclamacións contra o mesmo.

Contra o acordo de aprobación dos correspondentes padróns, poderán interpoñer con carácter preceptivo recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes, contado dende o día inmediato seguinte ó do remate da exposición pública dos correspondentes padróns.

A cobranza en período voluntario das taxas dos padróns de auga, lixo, canon e sumidoiros correspondentes ao segundo trimestre do 2.022, terá lugar dende o días 28/09/2022 ao 28/11/2022 (ambos incluídos).

O cobramento efectuarase nalgunha das seguintes modalidades:

- Nas dependencias municipais de recadación, en horario laboral de luns a venres, de 9 a 14 horas.
- Mediante o sistema de domiciliación bancaria, segundo os datos facilitados polos suxeitos pasivos e que obren nesta Administración.

A presente publicación surtirá efectos de notificación colectiva da liquidación tributaria, ao amparo do establecido no citado artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, as débedas relativas á auga, lixo e sumidoiros faranse efectivas pola vía de constrinximento e serán esixibles os recargos do período executivo e xuros de demora que correspondan, tal como se estipula nos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria e, se é o caso, as custas que se produzan.

Se o canon da auga non se fixera efectivo no período voluntario sinalado, suporá a exixencia do canon da auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia e, así mesmo, faise saber que a repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación mediante o padrón.

Guitiriz, 25 de setembro de 2022.- A Alcadesa, María Sol Morandeira Morandeira.

R. 2770

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

APROBACION PADRONS AXUDA AO FOGAR BASICA E LEI DEPENDENCIA AGOSTO 2022 E ANUNCIO DE COBRANZA

Por Xunta de Goberno Local do día 19.09.2022 aprobáronse os padróns de prezos públicos Axuda ao Fogar Básica e Lei dependencia mes de agosto de 2022.

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, notifícanse colectivamente os recibos derivados destes padróns.

De conformidade coa Ordenanza Xeral de ingresos municipais de dereito público, expóranse ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria destes padróns, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, contra o acordo de aprobación dos padróns e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública dos padróns. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei Xeral Tributaria, fíxase como prazo de pago en período voluntario, dos devanditos padróns dende o 30.09.2022 ata o 30.11.2022.

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan.

Monforte de Lemos, 22 de setembro de 2022.- O Alcalde, P.D Decreto de data 24.01.2022A primeira Tenente de Alcalde, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 2771

Anuncio

APROBACIÓN INICIAL DE EXPEDIENTE DE MODIFICACION DE CRÉDITOS 43/2022

Aprobado inicialmente en sesión ordinaria do Pleno deste Concello, o día 26 de setembro de 2022 o expediente núm. 43/2022 de modificación de créditos baixo a modalidade de suplemento de crédito por importe de 150.000,00 €, financiado con cargo ábaixa por anulación de créditos doutras partidas, segundo o previsto no artigo 169 do Texto Refundido da lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo e o artigo 20 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, sométese o expediente a exposición pública polo prazo de quince días a contar desde o día seguinte da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas, de non producirse alegacións entenderase aprobado con carácter definitivo.

Monforte de Lemos, 27 de setembro de 2022.- O ALCALDE, JOSÉ TOMÉ ROCA, P.D. Decreto 2022 / 000127 de data 24.01.2022A PRIMEIRA TENENTE DE ALCALDE, GLORIA PRADA RODRÍGUEZ.

R. 2772

*Anuncio***APROBACION PADRÓNS FISCAIS 2022 E ANUNCIO DE COBRANZA**

Por Xunta de Goberno Local do día 19.09.2022 aprobáronse os seguintes padróns Fiscais:

- Taxa pola prestación dos servizos no Cemiterio.
- Taxa polo aproveitamento especial do dominio público local con:
 - a) Escaparates
 - b) Marquesiñas
 - c) Toldos
 - d) Colectores na vía pública
- Taxa por ocupación subsolo vía pública.
- Taxa por estacionamento nas vías públicas dos autotaxis e demais vehículos de alugueiro.
- Taxa por entrada de vehículos a través das beirarrúas e reserva de espazo na vía pública para aparcamentos exclusivos, carga e descarga de mercancías de calquera clase.
- Taxa pola instalación de quioscos na vía pública.
- Taxa postos feira.
- Taxa pola utilización do dominio local no mercado ou praza de abastos .

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Lei xeral tributaria, notifícanse colectivamente os recibos derivados destes padróns.

De conformidade coa Ordenanza Xeral de ingresos municipais de dereito público, expóranse ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria destes padróns, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, contra o acordo de aprobación dos padróns e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública dos padróns. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 13.2 da Ordenanza Xeral dos Ingresos Municipais de Dereito Público, fíxase como prazo de pago en período voluntario, dende o día 06.10.2022 ata o 06.12.2022.

De acordo co artigo 24 do Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación, ponse en coñecemento, que no período de pago en voluntario sinalado no parágrafo anterior, os contribuíntes que non teñan domiciliados os recibos polos conceptos sinalados, poderán facer o pago dos mesmos mediante :

- 1) Ingreso en efectivo en calquera oficina de A Banca ou Banco Sabadell en horario de atención ao público
- 2) A través de caixeiros automáticos nas devanditas entidades financeiras
- 3) A través da páxina web do Concello www.monfortedemos.es

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan.

Monforte de Lemos, 27 de setembro de 2022. - O Alcalde, P.D Decreto de data 24.01.2022A primeira Tenente de Alcalde, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 2773

PANTÓN*Anuncio***APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO: ANEXO ÚNICO: SUBVENCÍONS PREVISTAS NOMINATIVAMENTE NOS ORZAMENTOS.**

Aos efectos oportunos e en cumprimento do disposto nos artigos 169, en relación co 177.2, do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e artigo 38.2, en relación co 20.3 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, faise público, para xeral

coñecemento, que quedou automaticamente elevado a definitivo o acordo do Concello Pleno, en sesión extraordinaria que tivo lugar o día 22.06.2022, polo que se aprobou inicialmente o expediente nº 726/2022 de modificación do anexo único ás bases de execución do orzamento municipal para o exercicio económico 2022, que é o prorrogado de 2021, denominado "ANEXO ÚNICO: SUBVENCIONS PREVISTAS NOMINATIVAMENTE NOS ORZAMENTOS".

De conformidade co disposto nos artigos 113.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e artigo 171.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, as persoas interesadas poderán interpor directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Tribunal Superior de Xustiza da Comunidade Autónoma de Galicia, nos prazos establecidos nos artigos 25 e seguintes da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da devandita Xurisdición.

Pantón, 22 de setembro de 2022.- O Alcalde, José Luis Álvarez Blanco.

R. 2774

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 17-2022 POR CRÉDITO EXTRAORDINARIO.

O Pleno do Concello de Pantón, en sesión ordinaria que tivo lugar o día 22.07.2022, aprobou inicialmente o expediente nº 731/2022 de modificación de crédito 17-2022 do vixente Orzamento Municipal na súa modalidade de crédito extraordinario e suplemento de crédito.

Sometido o acordo ao trámite de información pública e non presentándose alegacións dentro de prazo, elevouse automaticamente a definitivo o acordo inicial.

De conformidade co establecido no artigo 177.2, en concordancia co artigo 169.3 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, insírese a continuación o resumo da modificación de créditos acordada:

1.- Aplicacións do estado de gastos do Orzamento xeral municipal para o exercicio económico 2022, que é o prorrogado de 2021, ás que se dota de crédito extraordinario:

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
336/48	Protección e xestión do Patrimonio Histórico-Artístico	15.000,00 €
	Subvención nominativa á Diócese de Lugo (Bispado)	
	15.000,00 €	

2.- Aplicacións do estado de gastos do Orzamento xeral municipal para o exercicio económico 2022, que é o prorrogado de 2021, ás que se dota de suplemento de crédito:

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
330/48	Administración xeral de cultura	10.900,00 €
	Subvención nominativa aos participantes nas actividades do Entroido e Reis	
	5.000,00 €	
	Subvención nominativa á Asociación de Veciños As Candelas	
	1.000,00 €	
	Subvención nominativa á Asociación de Veciños de Ribeiras de Miño	
	1.500,00 €	
	Subvención nominativa á Asociación de Veciños Neves-Pombeiro	
1.000,00 €		

	Subvención nominativa á Asociación Cultural Escola de Baile e Gaitas O Castro	
		2.400,00 €
338/48	Festas populares e festexos	14.600,00 €
	Incremento da subvención nominativa á Asociación Cultural Os Trece Roeis (de 2.000,00 € a 4.000,00 €)	
		2.000,00 €
	Incremento da subvención nominativa á Comisión ou asociación organizadora das Festas de Ferreira (de 13.500,00 € a 18.000,00 €)	
		4.500,00 €
	Subvencións nominativas ás Comisións de Festas das parroquias (27) (300,00 € por parroquia)	
		8.100,00 €
340/48	Administración xeral de deportes	300,00 €
	Subvención nominativa a Gael Verao Fernández	
		300,00 €

3.- Medios ou recursos que van a financiar as modificacións de crédito:

Fináncianse con Remanente Líquido de Tesourería dispoñible, procedente do exercicio N-1, reflectido contablemente no concepto 870.00 (Remanente de Tesourería para gastos xerais) do presuposto de ingresos.

De conformidade co disposto nos artigos 113.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e artigo 171.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os interesados poderán interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo #ante a Sala do Tribunal Superior de Xustiza da Comunidade Autónoma de Galicia, nos prazos establecidos nos artigos 25 e seguintes da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da devandita Xurisdición.

Pantón, 22 de setembro de 2022.- O Alcalde, José Luis Álvarez Blanco

R. 2775

O VALADOURO

Anuncio

A Xunta de Goberno Local deste Concello aprobou en data 26 de setembro de 2022 as Bases e Convocatoria cuxo contido é o seguinte:

BASES PARA A CONSTITUCIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO POR CONCURSO (FUNCIONARIO INTERINO)

PRIMEIRA. OBXECTO DA CONVOCATORIA

As presentes bases teñen por obxecto establecer o procedemento de selección para a elaboración de listaxe de emprego temporal para prestar servizos como persoal funcionario interino de OPERARIO DE SERVIZOS MÚLTIPLES no Concello de O Valadouro atopándose incluído no artigo 10 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, que contempla este tipo de procedemento no seguinte caso:

b) A substitución transitoria dos titulares, durante o tempo estritamente necesario.

As características da plaza son as seguintes:

Grupo	D. Adicional 6ª TRLEBEP
Escala	Administración Especial
Subescala	Servizos Especiais
Denominación	Operario de Servizos Múltiples
Funcións encomendadas	<ul style="list-style-type: none"> -Control, mantemento e manexo de todo o material municipal incluído vehículos -Pequenas obras, instalacións, servizos de reparación e mantemento de diversos edificios -Conservación y mantemento de redes de alumbrado público con utilización dos vehículos necesarios e pequenas obras de mantemento de instalacións eléctricas en edificios municipais. -Limpeza e conservación de vías públicas, con utilización dos vehículos necesarios. -Control dos niveis de depósitos, regulación, equipos de cloración, control do estado das redes de auga, chaves de paso, acometidas e execución de obras necesarias para mantemento e conservación, así como reparación nas redes de auga e saneamento co resto do persoal -Utilización e manexo de ferramentas asociadas ao posto. - Calquera cometido o servizo que en xeral demanden as necesidades do Concello.
Sistema de selección	Concurso con prueba práctica

SEGUNDA. CONDICIÓN DE ADMISIÓN DE ASPIRANTES

Para poder participar nos procesos selectivos será necesario reunir os seguintes requisitos, como data límite o último día do prazo de presentación de solicitudes, dacordo co establecido no artigo 56 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro:

- a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro.
- b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.
- c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa. Só por Lei poderá establecerse outra idade máxima, distinta da idade de xubilación forzosa, para o acceso ao emprego público.
- d) Non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin acharse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- e) Estar en posesión do permiso de conducción clase C e do Certificado de Aptitude Profesional (CAP)
- d) Acreditación do nivel de Idioma Galego. (Celga 2) . En caso de non posuílo, deberán superar unha proba de galego coa cualificación de APTO.

TERCEIRA. FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS

As solicitudes (Anexo I) requirindo tomar parte no correspondente proceso de selección, nas que os aspirantes farán constar que reúnen as condicións esixidas nas presentes bases xerais para a praza que se opte con declaración responsable dirixiranse ao Sr. Alcalde-Presidente do Concello e presentaranse nalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo de dez hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia

Así mesmo, as bases da convocatoria publicaranse no *Boletín Oficial da Provincia*, na sede electrónica deste Concello e no Taboleiro de anuncios do mesmo.

Os datos persoais incluídos na solicitude de participación serán tratados unicamente para a xestión do proceso selectivo e as comunicacións que deban realizarse. Cando sexa necesario publicar un acto administrativo que conteña datos persoais publicarase da forma que determina a disposición adicional sétima da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. O Concello será o responsable do tratamento destes datos.

CUARTA. ADMISIÓN DE ASPIRANTES

Expirado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará resolución no prazo de dez días, declarando aprobada a lista provisional de admitidos e excluídos. Na devandita resolución, que se publicará na sede electrónica deste Concello e no taboleiro de anuncios do mesmo sinalarase un prazo de 5 días hábiles para que se poidan formular reclamacións ou emendar os defectos que motiven a exclusión.

Transcorrido o prazo de emenda, pola Alcaldía aprobarase a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos, que se publicará na sede electrónica deste Concello e no Taboleiro de Anuncios do mesmo. Nesta mesma publicación farase o día de baremación dos méritos dos aspirantes propostos; igualmente, farase constar a designación nominal do Tribunal.

QUINTA. TRIBUNAL CUALIFICADOR

Os órganos de selección serán colexiados e a súa composición deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros.

O persoal de elección ou de designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual non poderán formar parte dos órganos de selección.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén.

A composición do tribunal calificador é a seguinte:

Cargo	Identidade
Presidente	Pablo Dorado Lanza
Suplente	Ovidia Candia González
Vogal	Manuel Novo Pérez
Suplente	Yolanda Otero Eijo
Secretario	Regina Blanco Martínez
Suplente	Patricia Fanego Candia

O Tribunal poderá dispor a incorporación ao seu labor no proceso selectivo de asesores especialistas, para aqueles aspectos concretos do proceso selectivo debido á especialización técnica do traballo a realizar. A súa función circunscríbese a un mero asesoramento, é dicir actúan con voz, pero sen voto, non participan na toma de decisións do Tribunal. Asesórelos deberán gardar sxiilo e confidencialidade acerca dos datos e asuntos sobre os que teñan coñecemento a consecuencia da súa colaboración no Tribunal.

O Tribunal poderá designar persoal colaborador para o desenvolvemento do proceso selectivo que actuará baixo a súa dirección, cando a complexidade do mesmo aconsélleo.

A abstención e recusación dos membros do Tribunal será de conformidade cos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

SEXTO. SISTEMAS DE SELECCIÓN E DESENVOLVEMENTO DOS PROCESOS.

PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN: CONCURSO CON PROBA PRÁCTICA

CONCURSO

Serán valorados os méritos que os aspirantes aleguen:

Méritos computables:

- Cursos e outras actividades de formación relacionados coas funcións do postos (**máximo 2,00 puntos**)
Acreditarase mediante copia do Título, Diploma ou certificación.
- a) Cursos de duración igual ou inferior a 10 horas ou duración non acreditada: 0,05 puntos por cada un.

- b) Cursos de máis de 10 horas e ata 25 horas: 0,10 puntos por cada un.
- c) Cursos de mais de 25 horas e ata 50 horas: 0,15 puntos por cada un.
- d) Cursos de mais de 50 horas e ata 100 horas: 0,20 puntos por cada un.
- e) Curso de mais de 100 horas e ata 150 horas: 0,25 punto por cada un.
- f) Cursos de mais de 150 e ata 200 horas: 0,30 puntos por cada un.
- g) Por cada curso de mais de 200 horas: 0,35 puntos.
- Experiencia profesional (**máximo 8,00 puntos**) Acreditarase a través de certificación oficial de vida laboral actualizada e a copia do contrato ou certificado de empresa en que consten as tarefas realizadas e a duración.
 - Por cada mes de servizo realizando tarefas directamente relacionadas co posto ofertado nunha Entidade pública.....0,20 Puntos.
 - Por cada mes de servizo realizando tarefas directamente relacionadas co posto ofertado nunha Entidade Privada.....0,10 Puntos.

Os servizos prestados noutras Administracións acreditaranse mediante certificado do secretario da Corporación ou entidade, e os prestados no sector privado acreditaranse mediante certificado da Seguridade Social ao que se acompañará o oportuno contrato de traballo e a vida laboral, ou, en defecto do último documento, calquera no que se faga constar a categoría desempeñada.

En caso de empate, estarase ao disposto no artigo 44 do Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado aprobado por Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo.

PROBA PRÁCTICA

A proba práctica consistirá na resolución no tempo determinado polo Tribunal, dunha ou máis probas prácticas de aptitude profesional que gardará relación coas función propias do posto de traballo e cos contidos que quedan recollidos na Base Primeira no apartado. "Funcións encomendadas". Á finalización da mesma o Tribunal poderá pedir explicacións ou aclaración aos aspirantes.

A puntuación de todos os méritos descritos non poderá exceder de 10 puntos, non excluindo da bolsa a aqueles aspirantes que non aporten puntuación.

A puntuación da proba practica non poderá exceder de 10 puntos

A cualificación final será a suma dos méritos e da proba práctica non poderá exceder de 20 puntos, xa que os aspirantes que teñan que someterse á proba de galego por non acreditar a titulación esixida (Celga 2) serán cualificados como Apto/Non Apto.

SÉTIMA: RELACIÓN DE APROBADOS E ACREDITACIÓN DE REQUISITOS ESIXIDOS

Unha vez terminada a avaliación dos aspirantes e consideradas as reclamacións presentadas, o Tribunal fará pública a relación de aprobados por orde de puntuación na sede electrónica deste Concello e no Taboleiro de Edictos do mesmo.

Posteriormente, vistas e informadas as alegacións que no seu caso se presentaron, elevarase á Alcaldía a acta do proceso selectivo para que se aprobe a constitución da bolsa coa orde de prelación definitivo de aspirantes, que deberá publicar na sede electrónica do Concello.

O aspirante proposto, cando sexan requiridas para a súa contratación, achegará ante a Administración as condicións de capacidade que lle sexan requeridos.

Quen, dentro do prazo indicado, e salvo os casos de forza maior, non presentase a documentación ou da mesma deducíse que carece dalgún dos requisitos esixidos, non poderá ser nomeado, quedando anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidese incurrir por falsidade nas súas solicitudes de participación.

As propostas de nomeamento serán adoptadas polo órgano competente a favor dos aspirantes segundo a orde de prelación da relación de persoas aprobadas. Se a acode aspirante ao que lle correspondese o nomeamento non fose nomeada, ben por desistimiento ou por non reunir os requisitos esixidos, convocarase á seguinte candidata que superase o proceso de selección.

Así mesmo, informarse aos aspirantes achega do tratamento dos seus datos persoais e do compromiso de confidencialidade con ocasión da relación que se establece co Concello.

O nomeamento derivado deste proceso de selección en ningún caso dará lugar ao recoñecemento da condición de funcionario de carreira.

OITAVA. FUNCIONAMENTO DA BOLSA DE EMPREGO

As persoas integrantes das Bolsas de Emprego ocuparán o posto da lista que lle corresponda, atendendo á puntuación obtida no proceso selectivo utilizado para a súa constitución, debendo aparecer, xunto ao número do posto ocupado, a puntuación que ostenta dentro da listaxe.

Non se establece puntuación mínima para poder formar parte da bolsa de emprego.

Todas as persoas que superen o proceso de selección serán incluídas nunha bolsa de emprego para as futuras contratacións que resulten necesarias a fin de cubrir vacantes temporalmente, e serán chamadas seguindo a orde establecida na listaxe correspondente. O funcionamento da Bolsa de Emprego axustarase aos principios de igualdade de oportunidades e principio de non discriminación.

A orde de chamamento dos aspirantes inscritos na bolsa neste Concello vendrá determinada polo lugar no que figura na bolsa, segundo a puntuación total obtida.

A renuncia inicial a un nomeamento, ou a renuncia durante a vixencia de iste, non darán lugar á exclusión da Bolsa de Emprego, pero ocasionará un cambio de lugar do posto, dentro da mesma, pasando a ocupar o último posto como integrante da Bolsa.

Son causas que xustifican a renuncia a un nomeamento e que implican o mantemento dentro da Bolsa de Emprego:

- Estar en situación de ocupado, prestando servizos no Concello como persoal contratado, en calquera das formas admitidas en dereito, laboral ou funcionario interino.
- Estar en situación de Suspensión por accidente, baixa por enfermidade, intervención cirúrxica, internamento hospitalario, maternidade, embarazo de alto risco e situación de risco ou necesidade acreditada por facultativo que esixa a lactación natural de menores de nove meses. A acreditación documentada da finalización de tal circunstancia dará lugar á reposición no mesmo lugar da orde de lista nas Bolsas de Emprego en que se atopará a persoa afectada.
- Exercicio de cargo público representativo que imposibilite a asistencia ao traballo.

As persoas incluídas na Bolsa de Traballo terán que presentar datos persoais suficientes que permitan a súa pronta localización, sendo responsables de que estean actualizados en todo momento.

Unha vez realizado o intento de localización por medio da comunicación telefónica, a telegráfica con acuse de recibo ou o correo electrónico con acuse de recepción, se non fose posible o contacto en vinte e catro horas acudirase á persoa seguinte. Se se opta pola comunicación telefónica, realizaranse un mínimo de tres intentos de contacto entre as 9:00 e as 14:00 horas, cun intervalo de sesenta minutos entre cada chamada.

Quedará anotación escrita do que se indica neste número no servizo correspondente, dándose traslado inmediato de informe escrito ao secretario da Corporación para coñecemento e constancia.

A persoa integrante da Bolsa de Emprego que reciba proposta de nomeamento, nos termos descritos anteriormente, deberá proceder á aceptación ou rexeitamento da mesma, nun período máximo de 24 horas, salvo que por circunstancias excepcionais ou de forza maior.

No suposto de producirse dous rexeitamentos por algún integrante, quedará excluído da mesma, coa excepción de que so exista un só componente da mesma, que quedará excluído cun único chamamento se é rexeitado.

Esta bolsa de emprego terá unha vixencia máxima de *2 anos*.

NOVENA: FINALIZACIÓN DA RELACIÓN DE INTERINIDADE

A Administración formalizará de oficio a finalización da relación de interinidade por calquera das seguintes causas, ademais de polas previstas no artigo 63 do texto refundido da lei do Estatuto Básico do Empregado Público, sen dereito a compensación algunha:

- a) Pola cobertura regulada do posto por persoal funcionario de carreira a través de calquera dos procedementos legalmente establecidos.
- b) Por razóns organizativas que dean lugar á supresión ou á amortización dos postos asignados.
- c) Pola finalización do prazo autorizado expresamente recollido no seu nomeamento.
- d) Pola finalización da causa que deu lugar ao seu nomeamento.

No entanto, transcorridos tres anos desde o nomeamento do persoal funcionario interino producirase o fin da relación de interinidade, e a vacante só poderá ser ocupada por persoal funcionario de carreira, salvo que o correspondente proceso selectivo quede deserto, nese caso poderase efectuar outro nomeamento de persoal funcionario interino.

Excepcionalmente, o persoal funcionario interino poderá permanecer na praza que ocupe temporalmente, sempre que se publicara a correspondente convocatoria dentro do prazo dos tres anos, a contar desde a data do nomeamento do funcionario interino e sexa resolta conforme aos prazos establecidos no artigo 70 do texto

refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público. Neste suposto poderá permanecer até a resolución da convocatoria, sen que o seu cesamento dea lugar a compensación económica.

DÉCIMA: INCOMPATIBILIDADES

O aspirante proposto quedará suxeito, no seu caso, ao cumprimento das prescricións contidas na Lei 53/1984, de 26 de decembro, sobre Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas, e demais normativa aplicable.

UNDÉCIMA: INCIDENCIAS

As presentes bases e convocatoria poderán ser impugnadas de conformidade co establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Contra a convocatoria e as súas bases, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor polo interesados recurso de reposición no prazo dun mes ante a Alcaldía, previo ao contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante a Xurisdicción Contencioso-Administrativo a partir do día seguinte ao de publicación do seu anuncio en *Boletín Oficial da Provincia* (artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa).

No non previsto nas bases será de aplicación o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro; o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado aprobado por Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo; o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local aprobado por Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril.; o Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local; e a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

ANEXO I
MODELO OFICIAL DE SOLICITUDE DO INTERESADO
(BOLSA DE TRABAJO FUNCIONARIO INTERINO OPERARIO SERVIZOS MÚLTIPLES)

DATOS DO INTERESADO		
Nome e Apelidos		NIF
DATOS DE NOTIFICACIÓN		
Medio de Notificación		
<input type="checkbox"/> Notificación electrónica <input type="checkbox"/> Notificación postal		
Dirección		
Código Postal	Municipio	Provincia
Teléfono	Móbil	Correo electrónico

<p>EXPÓN</p> <p>Que, tendo coñecemento do procedemento convocado para a constitución dunha bolsa de emprego, conforme ás bases publicadas para a provisión dunha praza de funcionario interino (operario de servizos múltiples)</p>
<p>DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE</p> <ul style="list-style-type: none"> • Ter nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público. • Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas. • Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa. • Non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin acharse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

- Estar en posesión de carnet de conducir tipo C e do Certificado de Aptitude Profesional (CAP)
- Acreditación do nivel de Idioma Galego, Celga 2:

SI

NO

(Risque o que proceda)

- Reunir todos e cada un dos requisitos esixidos nas bases da convocatoria, referidos á data de expiración do prazo de presentación de solicitudes.

Relación de méritos alegados (IMPRESINDIBLE ACHEGAR COPIA E ORIXINAL) xunto co presente anexo.

Por todo o cal, SOLICITO que, de conformidade co disposto nos artigos 55 e 56 do texto refundido da Lei de Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, se admita esta solicitude para o proceso de selección de persoal referenciado.

Protección de Datos:

En cumprimento do establecido polo artigo 11 da Lei Orgánica 3/2018 informáse que o responsable do tratamento dos seus datos persoais é o Concello de O Valadouro. Os seus datos serán tratados coa finalidade de xestionar a súa solicitude. Pode exercer o seu dereito de acceso, rectificación, supresión, oposición, portabilidade ou limitación do tratamento dirixíndose ao Concello de O Valadouro no seguinte enderezo postal: Rúa Feira Nova, 1. 27770 O Valadouro. Lugo.

Máis información: www.valadouro.gal

En O Valadouro a_____de_____2022

Asdo:_____

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE O VALADOURO

O Valadouro a 27 de setembro de 2022. - O Alcalde, Edmundo Maseda Maseda.

R. 2777
